

O DECLIVE DEMOGRAFICO DA PARROQUIA RURAL GALEGA. O CASO DA PROVINCIA DE A CORUÑA

Alberto José Pazo Labrador
Xosé Manuel Santos Solla

A PARROQUIA RURAL GALEGA. ASPECTOS DUNHA CRISE

Moito, e dende moi variados ámbitos, se ten escrito acerca da parroquia en Galicia. E no é para menos, posto que como se insiste reiteradamente na maioría destes estudos o papel que xogou este elemento no artellamento territorial, social, e económico da rexión - trascendendo a súa orixinaria función relixiosa -, foi fundamental durante séculos. A parroquia rural ten sido o centro da vida campesiña en torno á que se organizaban as actividades económicas e sociais dunha poboación excesivamente dispersa e a miúdo aillada, que atopaba na división parroquial un elemento de cohesión que o concello, só en datas moi recentes e non en tódolos casos, puido substituír.

Xurdida como factor de cristianización dunha primixenia organización territorial pagana (FARIÑA JAMARDO, J., 1975), a súa consolidación e pervivencia ó longo dos séculos foi unha mostra da súa vitalidade e arraigo no seo das comunidades rurais que se sentiron identificadas cós seus límites espaciais en torno ós que se xeneraron costumes, mitos, lendas e modos de vida particulares. Sen embargo, a pesares desta importancia, a súa existencia nunca foi recoñecida “de iure” polas instancias oficiais, que só a utilizaron coma punto de referencia para certos labores administrativos e de ordenación territorial (chamada a quintas, distrito censal, concentración parcelaria, etc.). Este “esquecemento” marca unha gran diferenza co que ocorre no veciño Portugal, onde a “fregresía”, institución territorial a grandes rasgos equivalente, ten carta de natureza oficial dende fai máis dun século e medio; inserida no sistema municipal, significa de feito a máxima aproximación ós problemas concretos das comunidades rurais. Algo semellante a este funcionamento postulouse ó longo do noso século por diversos pensadores e políticos e en diferentes circunstancias para a súa aplicación a Galicia, chegando na situación política actual a ser contemplada polo Estatuto de Autonomía vixente, se ben é certo que dende a súa promulgación poucas cousas se teñen feito para a súa revitalización.

Pero a situación actual da parroquia rural en Galicia é sustancialmente distinta á existente ata datas relativamente recentes. Hai varias circunstancias que contribúen a explicar e pór de manifesto o declive que dende moitos puntos de vista coñece a vida parroquial que fai que esta institución perda progresivamente a vitalidade e o arraigo que durante moitos séculos a caracterizou. Dende a perspectiva económica, é evidente que a ruptura do tradicional modelo autárquico que imperaba no mundo rural galego ata os anos sesenta do século XX, descalabrou boa parte dos mecanismos que xustificaban e mantiñan viva a unidade parroquial. En efecto, a millora dos medios e vías de comunicación, o despegue industrial de certas áreas da rexión, e a inserción dentro dun sistema económico dominado polas cidades, contribuíron a modificar radicalmente a tradicional organización socioeconómica do espazo galego que tende a homoxeneizarse có resto das rexións españolas dentro das engranaxes do capitalismo internacional, iso sí, no seu ámbito periférico (SOUTO GONZALEZ, X.M., 1988).

Dende o punto de vista sociorelixioso, aínda que moi interrelacionado coas demais circunstancias ás que aludimos, as mudanzas que tiveron lugar na segunda metade do século vinte, tamén foron moi importantes, socavando en gran medida a razón de ser dos entes parroquiais. O cura párroco deixa de ser unha figura central na vida comunitaria cotiá, e incluso ás veces, froito das transformacións na concepción da espiritualidade e á perda de vocacións sacerdotais, pasa a se converter nun mero administrador parroquial encargado de varias freguesías, ás veces distantes. Outro aspecto social en decadencia está en relación directa coa perda do senso da vida comunitaria, manifestado principalmente nas axudas mútuas e as tradicións consuetudinarias: a mecanización do campo, o descenso da man de obra, o aumento da mobilidade espacial e das posibilidades de promoción extraagrarias, etc. A perda da titularidade dos montes de veciños contribuíu igualmente á disolución de lazos de vida comunal que consolidaban a pervivencia de costumes aldeanas e parroquiais en xeral (estivadas, pastoreo, aproveitamento da madeira, toxo, lotes de terra para a instalación de novos fogares, etc.) (GUITIAN RIVERA, L., 1989, BALBOA LOPEZ, X., 1990).

Outra perspectiva social ven dada pola desaparición das escolas unitarias de base parroquial e a creación das concentracións escolares nas cabeceiras comarcais e/ou municipais (TORRES, PAZO e SANTOS, 1989), que restaron un elemento máis de unidade e dinamismo á parroquia. Igualmente a democratización da vida política municipal, fixo que os veciños de cada concello se implicaran cada vez máis e de xeito máis directo nos debates da administración local, asumindo así unha “conciencia municipal” ata entón inexistente e que deixa a un lado a organización parroquial, aínda non recoñecida e sen un foro de representación axeitado.

Por último, e como corolario de todo o anterior, é obrigada a referencia ó innegable declive demográfico do elemento parroquial nas catro provincias galegas. A emigración exterior e interior deixou despoboadas e avellentadas á Galicia interior, mentres que na maioría das áreas litorais perdeuse en gran medida o carácter rural en función dun crecemento urbano, industrial e turístico cada vez máis destacados e desartelladores dos modos de vida tradicionais.

O COMPORTAMENTO DEMOGRAFICO NA PROVINCIA DE A CORUÑA

A provincia de A Coruña, ó igual ca de Pontevedra, caracterizouse dende o punto de vista demográfico como un espazo netamente dinámico ó longo de todo o século, amosan-




Fig.1.- Evolución da poboación na provincia de A Coruña e Galicia. 1887=100. Fonte: INE. Elaboración persoal.

do un crecemento en xeral positivo que contrasta co declive cada vez máis acentuado das provincias orientais. O comportamento natural da súa poboación non é, en principio, diferente ó do conxunto rexional, é dicir, comeza o século con altas taxas de natalidade e unha mortalidade en descenso, dando lugar a un crecemento vexetativo destacado seguindo o proceso da transición demográfica cun certo retraso con respecto ó resto de España. Incluso a emigración é en conxunto moi forte para toda a provincia, pero as súas manifestacións non son tan negativas como en Lugo e Ourense, habida conta que dende mediados do século produciuse á par un movemento inmigratorio cara ás principais cidades que compensou en boa medida as perdas exteriores. En definitiva, aínda que o crecemento real foi menor que o vexetativo, a chegada de xente nova procedente do medio rural permitiu manter un dinamismo constante nos efectivos poboacionais na provincia, axudados por unha situación económica máis o menos próspera.

No último período intercensal, obsérvase, sen embargo, ca provincia de A Coruña coñece un estancamento na evolución dos seus efectivos seguindo un proceso similar ó que vive Europa Occidental e que significa a derradeira etapa da transición demográfica. A ela chégase cando as taxas de natalidade e fecundidade acadan valores moi baixos froito da

evolución socioeconómica, que poñen en perigo a renovación xeracional, tendendo a mortalidade, polo contrario, a medrar.

Agora ben, este comportamento xeral esbozado para o conxunto provincial, témolo que matizar mediante a análise das súas unidades inferiores como son o concello e a parroquia. A mesma contraposición litoral-interior que existe a escala galega, reproducécese a grandes rasgos no caso da provincia coruñesa: as áreas costeiras, especialmente certos sectores, amosan un dinamismo demográfico que nada ten que ver có declive, ás veces alarmante, das áreas interiores. E aínda podemos matizar máis, reproducindo de novo o modelo do conxunto rexional: na costa, as áreas máis progresivas son aquelas que presentan as máis importantes manifestacións urbanas e industriais, como é o caso do conxunto do Golfo Artabro, artellado polas cidades de A Coruña e Ferrol, e do sector coruñés das Rías Baixas, en tanto que a Costa da Morte en xeral, moito máis pobre en recursos, da mostras dunha debilidade crecente; no interior son as áreas montañosas as que coñecen os peores efectos deste desplome demográfico, que se traduce en indicios claros de desertización humana ó igual que ocorre nos sectores serranos das outras tres provincias. As terras chás do interior, máis ricas e cunha economía baseada na gandeiría máis evolucionada, son capaces a duras penas de mantel-os seus habitantes, aínda que a medio prazo se adiviña tamén unha forte crise posto que ó envellecemento poboacional únese unha crecente migración interior fundamentada na atracción urbana e na crise agraria. Por último, tamén no interior atopámonos puntos aillados de desenvolvemento demográfico e económico que en boa medida acollen á poboación que se perde nos seus contornos. A cidade de Santiago, e os seus concellos adxacentes constitúen o mellor exemplo, pero a el hai que lle engadir os casos das vilas de Carballo, Melide, As Pontes, etc.

A distribución espacial da poboación na provincia de A Coruña non difere do caso galego ou español en xeral posto que as áreas máis poboadas tenden a remarcar a súa condición de polos de atracción humana, con altas densidades, mentres que as áreas xa anteriormente menos ocupadas perpetúan e acentúan o despoboamento, convertíndose en focos de repulsión demográfica. Iso podémolo apreciar nos tres mapas que representan as densidades a escala municipal nos tres momentos censais seleccionados, cun deseño cada vez máis claro das características citadas. Hai que facer notar, non obstante, a excepción notable do concello de As Pontes, que inmerso nunha área profundamente regresiva, consegue manterse á marxe polo feito puntual da súa industria de creación relativamente recente e ligada ós recursos do subsolo.

A ESCALA PARROQUIAL

A análise parroquial vains permitir profundizar no coñecemento das disparidades e da diversidade interna do territorio coruñés dende o punto de vista demográfico, e vains posibilitar ademáis comprobar con datos estatísticos a verdadeira dimensión da crise que sofre a parroquia rural en Galicia, aínda que nos atopemos, como neste caso, na Galicia máis dinámica. En efecto, a parroquia galega é un elemento de artellamento espacial excepcional que permite achegarse a unha escala dificilmente manexable noutras partes da Península Ibérica.

Quizáis o mellor exponente da crise demográfica dunha boa parte do territorio coruñés, ó que anteriormente fixemos alusión, sexa o feito de que das algo máis das novecentas freguesías que artellan este espazo, preto da metade (o 46%) acadan o mínimo poboacio-




Fig.2.- Densidade de poboación a escala municipal en 1887, 1950 e en 1991. 1, menos de 20 hab/Km²; 2, de 21 a 50; 3, de 51 a 100; 4, de 101 a 200; 5, de 201 a 300; e 6, máis de 300 hab/Km². Fonte: INE. Elaboración persoal.

nal do século no último momento censal de 1991. O reparto destas delimita perfectamente os sectores montañosos da provincia, que temos definidos como regresivos. Nos concellos de Irixoa, Mañón, Monfero, Paderne, Santiso, Sobrado, Toques, Somozas e Vilarmaior, tódalas suas parroquias acadan o mínimo secular en 1991, e noutros moitos (Abegondo, Lousame, Aranga, Ortigueira, Arzúa, etc.) a meirande parte de elas coñecen o mesmo comportamento. A evolución demográfica destes conxuntos parroquiais non é sempre semellante, senon que acomódase a varios modelos. No peor dos casos o declive foi continuado dende principios do século, e así un 15% do total dos espazos parroquiais coruñeses acadaron a súa máxima poboación en 1887, 1900 ou 1910, independentemente dalgunhas pequenas fluctuacións positivas ó longo do seu devenir. Pero o máis frecuente e que haxa un crecemento, case sempre moderado, da poboación ata 1940-1950, para a partires de aí caer pouco menos que en picado ata a actualidade. De feito, case que o cincuenta por cen das parroquias acadan o seu máximo poboacional en 1940 e 1950, porcentaxe que sube ata o 63% se lle engadimos ás que o fan tamén en 1960.

As razóns desta inflexión que se produce aproximadamente a mediados do noso século son bastante evidentes. Ata esas datas, a emigración, con ser importante, non conseguiu neutralizar un crecemento vexetativo bastante destacado. Ademais a guerra española e a mundial detiveron tódolos fluxos humanos internacionais o que permitiu a Galicia coñecer unha expansión demográfica importante, sobre todo nas décadas 1930-40 e 1940-50. A partir de 1950 o reinicio da emigración exterior, xunto ó crecemento urbano e industrial do conxunto español, incluídas as grandes cidades galegas, implicaron unha caída brusca na poboación rural e o freo do seu dinamismo. As perdas, con moita frecuencia, foron espectaculares na escala parroquial, chegando en ocasións a superar o 70% de retroceso. E así, algunhas que tiñan máis de 1.000 habitantes, na actualidade contan con apenas algúns centos. Por citar uns poucos dos múltiples exemplos existentes, podemos aludir ó caso da freguesía de Santa María de Mañón, no concello homónimo, que pasou de 1.401 habitantes en 1887 a 414 en 1991, se ben o groso da caída concetrouse a partir de 1960: neste ano aínda conservaba o 87% dos seus efectivos de 1887. Santa María de Fisteus, en Curtis, pasa de 2.088 habitantes en 1960 a 772 na actualidade. Santa María de Xestoso, en Monfero, varía dos 1.058 en 1940 ós 428 de hoxe. San Xulián de Grixalva, en Sobrado, faino dende 1.317 en 1950 a 531 en 1991.

Na actualidade, existen ademais moitas parroquias cunha poboación inferior ós 100 habitantes, cunha estrutura por idades notablemente avellentada, o que a corto ou medio prazo significará o seu despoboamento inexorable, e con iso a perda de parte da identidade cultural de Galicia.

Pero a diferenza do que ocorre nas provincias orientais onde o declive no medio rural é pouco menos que xeral, no caso da provincia que estamos a analizar aínda atopamos bastantes exemplos nos que o dinamismo demográfico chega ata a actualidade. En efecto, encontrámonos cunha relativa abundancia de parroquias (polo menos en relación cos territorios de Ourense e Lugo) que por contra acadan nitidamente a súa máxima poboación do século no último momento censal. En concreto son case un 9% do total das freguesías, cifra que se ben non é moi elevada, contrasta netamente có menos do 3% que ten por exemplo Ourense.

As parroquias que ofrecen este dinamismo teñen un perfil bastante definido, tratándose ben das que inclúen cidades, ben vilas, ou ben das que ocupan áreas litorais e inmediata-




Fig.3.- Representación puntual das parroquias que en 1950 teñen máis poboación que en 1887. Fonte: INE. Elaboración persoal.

mente circundantes ós núcleos urbanos. En moi poucos casos trátase de parroquias neta-mente rurais, e se o son están insertas en bisbarras agropecuarias avanzadas dentro do contexto rexional. Con todo, neste último caso, o carácter progresivo é moito máis moderado e con claros visos de estancamento.

A cartografía amósanos de xeito moi gráfico o fenómeno que estamos a comentar. Entre 1887 e 1950, pódese apreciar unha elevada densidade de puntos que corresponden ó crecemento demográfico global que nese período coñece a rexión galega e a provincia de A Coruña en particular, ata mediados do século, e ó que xa fixemos referencia anteriormente. Apenas hai baldeiros que denoten unha regresión xeneralizada dos efectivos demográficos, e unicamente apréciase unha maior laxitude no sector oriental da provincia, correspondente ás áreas máis montañosas e regresivas do conxunto, acadando moitas destas parroquias o máximo poboacional en 1887 ou ben en 1900-1910. Tamén nalgúns sectores interiores da penichaira coruñesa, obsérvase unha menor concentración de puntos pero que nunca chega a representar unha continuidade espacial clara. O Golfo Artabro, o Val do Ulla e toda a orla costeira a excepción das terras acantiladas do norte da provincia, representan á súa vez as áreas onde a acumulación de puntos, que amosa o dinamismo parroquial, é máis evidente.

O mapa que representa o crecemento parroquial entre 1950 e 1991, ofrece unha panorámica completamente diferente do anterior, sendo dúas as súas características principais.




Fig.4.- Representación puntual das parroquias que en 1991 teñen máis poboación que en 1950. Fonte: INE. Elaboración persoal.

Por unha banda, a presenza de importantes espacios en branco, é dicir, de parroquias que en 1991 teñen menos poboación que en 1950, e por outra unha concentración evidente en torno a determinadas áreas. Os baldeiros correspóndense moi nitidamente cós sectores montañosos do ámbito septentrional da Dorsal occidental, profundamente rurais, regresivos demográfica e economicamente, e asimilables a outros territorios das provincias orientais. De tódolos xeitos, os ocios non se limitan ás áreas da serra, senon que se xeneralizan por todo o territorio, tanto polas terras de val (o Alto Ulla), como de penichaira ou litorais. No polo oposto, vese que existe unha gran concentración de puntos en torno ó Golfo Artabro en base ó eixo A Coruña-Ferrol, que é, xunto coas Rías Baixas, a área máis dinámica da rexión. Un segundo foco secundario de acumulación de puntos, localízase focalizado pola cidade de Santiago, con parroquias circunveciñas que creceron moitas veces a expensas do propio desenvolvemento urbano da capital.

Na costa, a disposición de puntos, con respecto á situación anterior, é moi diferente, manténdose unicamente nas Rías Baixas coruñesas, especialmente nas parroquias litorais da marxe septentrional da Ría de Arousa. O resto dos puntos salpican o territorio de forma aillada, e corresponden xeneralmente a cabeciras comarcais, algunhas capitais municipais

que medran a expensas do resto do seu territorio administrativo, e noutros casos, os menos, son parroquias rurais insertas en comarcas gandeiras relativamente prósperas ou artelladas por vías de comunicación importantes.

CONCLUSIONS

A conclusión máis evidente que se deduce das análise precedentes é a redistribución espacial da poboación da provincia de A Coruña, acentuada especialmente nas últimas décadas. O medio rural tende claramente a se baldeirar, tendo comezado o proceso xa fai máis dun século nas áreas montañosas, e continuando na actualidade nas máis dinámicas. Se a escala municipal pódese apreciar ben o feito da concentración nos concellos con cabeceira comarcal o con cidades, a parroquial permite unha nova matización: dentro de eses términos municipais dinámicos unicamente medran aquelas freguesías que non son rurais en sentido estricto. Existen moitos exemplos, e por citar algúns podemos referirnos ó caso dos axuntamentos de As Pontes, Ortigueira, Arzúa, Carballo, Melide, etc., nos que tódalas parroquias rurais teñen menos poboación en 1991 que nos anos anteriores, a excepción da que acolle á capital. Se estes núcleos son importantes, caso de Carballo ou As Pontes, as perdas do rural (que gaña a vila) veránse compensadas no total coa atracción de inmigrantes procedentes doutros concellos, xenerando un crecemento global positivo para o municipio. Se o seu rango é inferior, o incremento pode estancarse ou ser negativo xa que a capital non medra máis que a expensas de parte do seu territorio municipal.

A parroquia rural está, polo tanto, inmersa nunha grave crise demográfica, crise que veu precedida pola desaparición progresiva das súas señas de identidade tradicionais, nun proceso acumulativo inducido pola extensión e influencia cada vez maior do dominio das cidades sobre o territorio, e das pautas de vida urbana. A desexable revitalización da parroquia ten que vir da man dunha comprensión integral da súa delicada situación e basearse en accións que propicien un equilibrio territorial entre o medio rural e urbano. Non se pode concebi-la parroquia rural hoxe cunha óptica pretérita, xa que as condicións de vida mudaron moito, polo que o seu artellamento debe ser considerado como un elemento adecuado e útil para a ordenación territorial, sen temor a que iso supoña unha perda das suas esencias seculares.

BIBLIOGRAFIA

- BALBOA LOPEZ, X. (1990): O monte en Galicia. Vigo, Ed. Xerais.
- FARIÑA JAMARDO, J. (1975): La parroquia rural en Galicia. Madrid, IEAL.
- GUITIAN RIVERA, L. (1989): Propiedad del monte y ordenación forestal en Galicia, en "V Coloquio de Geografía Agraria", Universidade de Santiago, pp. 87-98.
- HERNANDEZ BORGE, J. (1986): Transición demográfica y desarrollo económico, en "IV Coloquio Ibérico de Geografía", Coimbra, pp. 651-660.
- HERNANDEZ BORGE, J. (1990): Tres millóns de galegos. Santiago, Universidade.
- INE: Nomenclátor de Población.
- PAZO LABRADOR, A. (1989): Notas para el estudio de los asentamientos rurales en Galicia, en "Simposio Internacional sobre Otero Pedrayo e a Xeografía de Galicia", Santiago, Consello da Cultura Galega, pp. 149-180.

- SOUTO GONZALEZ, X.M. (1988): Xeografía Humana. Vigo, Ed. Galaxia.
- TORRES LUNA, M.P. de, PAZO LABRADOR, A. e SANTOS SOLLA, J.M.: (1989): Consideraciones geográficas sobre el problema escolar en Galicia, en "Estudios Geográficos", nº 195, pp. 273-295.
- TORRES LUNA, M.P. de, PAZO LABRADOR, A. e SANTOS SOLLA, J.M. (1990): Galicia, rexión de contrastes xeográficos. Santiago, Universidade.
- TORRES LUNA, M.P. de, LOIS GONZALEZ, R. e PEREZ ALBERTI, A. (1993): A montaña galega: O home e o medio. Santiago, Universidade.
- TORRES LUNA, M.P. de e PAZO LABRADOR, A. (En prensa): Parroquias y arciprestazgos de Galicia. Santiago, Universidade.